



## Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

### **ALBERTO VIEIRA BRAGA - ILUSTRE ANTROPÓLOGO.**

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio

Ano: 1993 | Número: 103

---

#### **Como citar este documento:**

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, Alberto Vieira Braga - Ilustre antropólogo. *Revista de Guimarães*, 103 Jan.-Dez. 1993, p. 35-43

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51  
4800-432 Guimarães  
E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)  
URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>



# Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

## **ALBERTO VIEIRA BRAGA - ILUSTRE ANTROPÓLOGO**

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio

Ano: 1993 | Número: 103

---

### **Como citar este documento:**

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, Alberto Vieira Braga - Ilustre antropólogo *Revista de Guimarães*, 103 Jan.-Dez. 1993, p. 35-43

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51  
4800-432 Guimarães  
E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)  
URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

## Alberto Vieira Braga – ilustre antropólogo

Antón Fraguas Fraguas

Revista de Guimarães, n.º 103, 1993, pp. 35-43

A miña relación cultural con Alberto Vieira Braga comezou no ano 1931 e suspendeuna a súa morte. Estivemos xuntos en Guimarães, no Porto e un día en Santiago de Compostela, único viaxe que fixo na compañía de Doutor Mário Cardozo. Nise ano de 1931, mandou, por indicación de Don Fermin Bouza un intresante traballo de etnografía: O culto da alfádiga e dos cravos. No amor e na crença. Esboço etnográfico. Publicouse en Arquivos do Seminário de Estudos Galegos. III 1931. Seizón de Etnografía. Na Imprenta NOS que inda estaba na Coruña, no citado ano de 1931. Adicou o traballo: As moças minhas conhecidas.

E a mañanciña da Pascua, dia de festa con horas misteriosas ben sabidas polas mozas pra sementar no rincón da horta, no escollido apartado do millor terrón e mais abrigoso, onde ninguén estorbe o nacemento e crecemento da alfádiga. Quizais haxa que agardar a que sonen mais sinos, que sonen no val e repita a serra a musicalidade mais misteriosa pra que a planta teña mais fortuna pra quen vai facer uso dela. E o seu delicado arume que abre camiños de amor na moza que agarda o seu pretendente, pra iso a man con sinxelo tremor vai es parexendo a semente miudiña collida cos dous dedos da man que fai a sementeira. "E ao bater desa hora repicada de sinos, a crença muito velha, que todas as moças solteiras e que se prezem, semeiam a

alfádiga cheirosa, a riqueza do seu ofertar namorisqueiro e das suas dádivas religiosas aos santos mais dados ao culto de aparato pagão”.

Hai que valorar a hora, o dia e abençoar traballo e semente pensando no homenaxe no seu dia a Nosa Senhora da Lapinha, Santiago da Costa, Santa Catarina da Serra, a San Bento das Peras e a Santa Marta da Falperra.

Quen vaia ó Santuario, á Capela ou á Igrexa o mesmo que quen pra leira facer a laboura correspondente estima a alfádiga polo cheiro agradable que borra os malos cheiros do suor pola camiñata, o baile ou o labourar no agro, e aviva o gosto dos desexos, e esmagada deixa un cheiro afrodisiaco.

É mester destacar a compañía do cravo á alfádiga, o color ampara o cheiro e asi mozas e mozos lucen un vistoso cravo no medio da perneira da alfádiga. Debe terse en conta que o clavo da fortaleza a alfádiga que moitas veces aumenta ó esmagala cos mesmos dentes.

É curiosa a costume das mordomas na festa de Santiago da Costa. Tan axin como descubren un mozo que leva so un cravo ou unha alfádiga vai decirlle que precisa casar o cravo ou a alfádiga e ponlle o que lle falta: un ramiño de alfádiga pra casar o cravo, que sen dúbida seran os que van mais en soedade será o cravo por ser de mais adorno. Hai a alfádiga que chaman repenícadinha, por ser rebicada de folhas e de un espalmado airoso; a galega, miudera no todo e pouco cheirosa; a viúva, polo seu côr violeta nas costas da folha e raios da mesma tonalidade na face, e menos cheirosa é desprezada dos conversados, que tantas perneiras cortan da sua irma na casta, na forma e no cheiro, pra iren agasalhar os cravos en grandes ramos, até a fonte das suas conversadas, em noites de San Xoán, ou deica o altar dos seus santos em promessa, em oferta...

A alfádiga Viuda, ten flor de cor violeta e a outra a flor branca. Na romeria de Santa Marta, mozas e mozos pasan o tempo nubándose uns ós outros os ramos que levan no peito. Ali véndese en mollos. Tamen a venden en Guimarães, un mes denantes do Santiago as mozas campesiñas, todos os sábados e domingos, e quen dar unha esmola pro Santiago da Costa leva un ramalludo pe de alfadiga.



Tanto a rosa como o cravo teñen o seu cantigueiro. En todas as cantigas hai a forza do amor que se manifesta na rosa e no cravo:

Unha rosa ao pé da outra  
tem um cheiro abafado;  
nao ha cheiro mais bonito  
que unha rosa ao pé dum cravo.

Se quereis, rosa, ser rosa,  
fugí do cravo, fugi!  
no tempo em que eu era rosa,  
por um cravo me perdi.

Se tu quiseses vir comigo,  
traze a roupa num braçado;  
eu quero que diga o mundo  
que vai a rosa atrás do cravo.

A auga do rio Minho  
corre por baixo da ponte;  
quen quiser o cravo doido,  
ponha lhe a rosa defronte.

A giesta fez se branca  
em dar a flor amarela;  
mais branca se faz a rosa  
se o cravo se chega a ela.

O cravo ten o seu cantigueiro pero ha que ter presente a viriedade e os no mes con que se coñecen parece que onde se cultivan mais é na feligresia de Ronfe. As clases principais son: Bela gala, Anagoa de Venus, ou Nágoa de Venus cravos brancos son raxos vermellos. Xorxe rei; Gloria de Londres; sangue real; Santo Antonio; Aviñados; Brancos; Pretos; Escarlates; Auroras. Na feligresia de Guardizela: Beribaus ou Berimbaus, cravos vermellos e dobrados. Imperiais, Pintasilgos, cravos amarelos. Xarofe, variedade de cravo amarelo. Guimarães, Cramelina ou Cravelino, pequeno cravo. Barba de Vello, grandes, brancos pintalgados de cor de rosa. Os Patifes, en

Felgueiras, variedade de cravo miudo chamados Antoniños. Como mostra de Cantigueiro:

Lá te madei un raminho  
de cravos e cravelinas,  
por te non poder mandar  
dos meus ollos as meninas.  
Tendes o cravo na boca  
com a raiz na garganta,  
quem vo lo tirara de beixos  
a hora em que o galo canta.  
Atiraste me com um cravo,  
e no ar se desfolhou;  
veio me cair no peito,  
em meu coração ficou.

Ninguén como Alberto Vieira Braga rebuscou con tanto amor os arquivos do seu pobo e publicou con ise tiduo xeneral "Curiosidades de Guimarães", historia, costumes, algunhas semellantes as de Galicia onde as mulleres debían levar unha cinta da cor que indicaba o seu estado. A cinta ia colocada na cofia que usaban pra cubrir a cabeza e a cinta era de cor roxo, pras solteiras branco, pras casadas e negro pras viudas. A cinta de cor verde, e cinta de pre tendente, que no dito popular é a frase: busco noivo. A cinta parece que era o millor sistema de distinguir o estado de cada unha, pero o mais difícil es taba nas solteiras que ían pasando a liña dos anos e foron adaptando un pano pra cubrir a cabeza en vez da cófia. O espacio nas igrexas foise ocupando por barrios, e os homes: perto do altar, na tribuna e ó lado da porta de entrada.

Vieira Braga no primeiro tomo das Curiosidades recolle o problema, que debía atinguir moita importancia. Tomada dun manuscrito de Martins Sarmento figura o reparto da igrexa: "Os homes ficam mais proximos do altar; seguense as mulheres novas; para a parte da entrada ficam as mais edosas. Se alguma mulher d'idade vai misturarse com as raparigas, dizse que ella se vai pôr no

“olho de Pedro”, inferíndose daí que ela ainda é gaiteira e con pretenções. O “olho de Pedro” parece pois ser o sitio da igrexa mais exposto as olhadelas dos tunantes”. Os Visitadores siguen atopando fallos nos asentos de homes antre as mulleres e de mulleres antre os homes, que irán correxindo paseniñamente.

Inquietude causa o xogo, ruina de moita xente e pra mostralo estan as notas curiosas nas que atopamos as protestas e as clases de xogos nos que perdian os cartos. Nunha nota posta ás xentes de Santa Maria de Oliveira que leva data once de Febreiro de 1601 prohibindo os xogos ilicitos, onde perden as facendas e hai grandes escándalos e que ninguén xogue a “aparar de dados, ou cartas nem os xogos a que chaman de presa, e pinta, nem Madre Neta. A título de curiosidade copiamos a nota que ten unha lista de xogos e di: “O Bluteau” da referencia dos xogos seguintes: Carteta – Xogo de parar pouco usa do entre xente nobre. Pintas. Nome de certo xogo de cartas. E xogo de parar que tambémse xoga a subir com uma certa multiplicação. Os termos deste xogo são: Encaxe, Encontros, Azares, etc. Trinta – Xogo de parar, emque ganha quem mais se chegar ao ponto de trinta até quarenta. Presa – Xogo grosso de cartas de duas pessoas, cuxos termos são: Direita, Líquida, Presa, Grande, Rufa, Sarabandeada, etc Parar no xogo – Pôr em uma carta dinheiro contra outro. Parar dez patacas. Parava a cada lanço duas patacas. Esquineta – O mesmo que lansquené – especie de xogo de azar. MadreNeta. Debe ser un xogo novo porque non figura nos dicionarios. Supoño que na actualidade xogarase moito, pero quizais os xogos do século XVII teñan desaparecido na sua totalidade cos seus rimbunbantes nomes.

Agora un viaxiño por diferentes camiños pra visitar os santuarios, as isoladas ermidas ou os grandes templos, as igrexas por cuios adros van de xionllos e moitas veces con saial as personas agradecidas a un favor recibido do santiño ou da Santiña. Pero Vieira Braga denantes de camiñar polos vieiros que levan á igrexa bota man do Cancioneiro da Vaticana, e fixémonos nas razóns que nos dá pra buscar os trovadores que nos deixaron as suas manifestaciónes poéticas. “Revelanos sucessos históricos e sociais, escribe Vieira Braga, as galanterias de

amor, as gestas de maldizer, as lendas e as superstições. As aventuras e a espiritualidade religiosa toman alí tambem uma grande parte de emoção e de representación, avivando no mais antigo sabor poetizado, un ementario curioso e esquecido de tradições e de costumes". Poderosísima razón pra comentar troveiros que van de Payo Gomes Chriño a Xoán de Requeyxo. O primeiro é autor da composición:

Ay, Santiago, patrón sabido  
vos me adugades o meu amigo...

E Xoán de Requeyxo:

Fui eu madr'en romaria  
a Faro com meu amigo

Foi Santiago un santo moi destacado, Santo de longa pelengrinación que obrigaba a visitar outros Santuarios:

Quem for a S. Tiago  
e não visitar a Senhora da Oliveira  
não faz romaria verdadeira.

Tamen obrigaba en Santiago de Compostela a visita a Padrón:

Quen vai a Santiago  
e non for a Padrón  
ou fai romaria ou non.

A visita á Virxen da Barca, requeria visitar o Santo Cristo de Fisterre:

Veño da Virxe da Barca,  
veño de abalar a Pedra,  
tamen veño de vos ver  
Santo Cristo de Fisterre.

Hai ledicia de ver cousas levadas de Santiago:

Saramago verde,  
Verde saramago,  
Esta moda nova  
Veio de Santiago.

Están citadas as reliquias cos seus importantes relicarios, e os mantos da Virxen que envian até os reises pra curar as suas doenzas



como “a D. João V, doente, remétese tamben manto e vestido para se embrulhar e sarar”.

A Senhora da Oliveira,  
de pequenina tem graça;  
tem bons mantos de virtude  
e a oliveira na praza.

Moitas cántigas ten no Cantigueiro Popular galego iguales ou moi semellantes como a seguinte:

Chorai, maniñas, chorai  
que chorar non é desprecio;  
a Virxen tamén chorou,  
cando veo seu Fillo preso.

Chorai ollhos, chorai olhos,  
que chorar não é despreso,  
A virgem tambem chorou,  
Quando viu seu Filho preso.

A sensibilidade de Vieira Braga é a sensibilidade dun poeta madrugador que percorre a cidade no a rente do dia e non dubida de sair camiño adiante pra comprender a vida a grande filosofia que atinxe todos os valores humanos, é o mundo real a xente que busca a saude, que agradece o favor da Virxen, que sabe esperar con esperanza de conseguir a verba corrente do meniño tartamudo. Pero ten o Santuario un encanto, a maxia da ilusión amorosa, do namoro da visionaria canción de garbosos decires, de verbas que xunguen corazóns. E o verso da cidade de Guimarães coa gabanza da fonte, das ruas e das xentes da vida medida polo afecto da canción popular. Todo iste maravilhoso sortilexio está totalmente exposto polo maravilhoso decir de Vieira Braga. “Para tanto, bastará colher na seara caprichosa e espaciosa das fertilidades geórgicas do noso povo, as expressoes maravilhosamente originais das suas cantigas simples”.

“E o melhor contacto com o ambiente, sigue decindo iste agora especialista de Antropoloxia Cultural, com o clima, com as tradições,

com a natureza, com os santos patronos e titulares de cada localidade, nas alternadas subtilezas do temporal e do espiritual, so a través da elegancia, da frescura e do colorido folclórico se pode obter. E sempre viva, natural e verdadeira, a manifestação espontânea de todas as expressões que abundantemente nos trasmite o folclore. Todos os pormenores alí se reaniman, pelo ritmo coordenado das confissões contemplativas, descritivas e naturalistas, entre a aproximação dos usos serviceiros e a verdade rotineira dos factos e das práticas de transito habitual”.

Todo un saber, está eiqui, verdadeiro tesouro gardado no arcón mais fermoso que se fixo en Guimarães, cada composición poética é a mellor estrela, o luceiro de todas as xornadas no horizonte de ista terra na mañanciña que vas camiño adiante cumprir a oferta ó Santuario. Nos rematamos a lembranza do gran amigo e grandioso investigador usando sinxelo comentario seguindo temas da sua obra. Como remate as duas promesas que reflexan os dous cantos de oferentes agradecidas: a Santa Agueda e a Nossa Señora da Lapa:

Santa Agueda milagrosa,  
hoje vos veñho pagar,  
O leite para o meu filho  
Que mo ajudou a criar.  
Nossa senhora da Lapa,  
Nossa Senhora do mar,  
Tu salvaste o meu irmão  
Que se viu quase a afogar.